



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE** **SETEMBRO DE 2013**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas do día dezaseis de setembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto mediante Resolución da Alcaldía de data 13 de setembro de 2013.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén, como secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de setembro de 2013**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Correspondencia**

- Orde do 19 de agosto de 2013 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2013, e na que se publica o listado definitivo de solicitudes adxudicadas entre as que figura o Concello de Cambre cun custo 100% de 3380 € e un custo adxudicado de 2704 €. (Diario Oficial de Galicia número 172, de data 10 de setembro de 2013).

- Orde do 12 de setembro de 2013 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se resolve a concesión de subvencións ás agrupacións de voluntarias de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, na que se resolve conceder á AVPC do Concello de Cambre unha axuda de 2142,88 €. (Diario Oficial de Galicia número 175, de data 13 de setembro de 2013).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa respecto do expediente de contratación do mantemento de zonas verdes do concello, que seguen pendentes de que o Departamento de Servizos dea as oportunas instrucións co fin de poder iniciar a contratación.

Respecto do contrato de axuda a domicilio tamén está pendente de que pola técnica municipal se xustifique o prezo ofertado. Tamén se está pendente do informe do técnico de Deportes respecto do expediente de escolas de actividade física e saúde e actividades recreativas do verán 2014.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que con data 10 de setembro de 2013 asinou unha resolución na que se require a Bancaja o ingreso da cantidade de 77.906,01 euros de execución do aval prestado en garantía da correcta execución por parte do Centro Inmobiliario Financiero Asegurador, S.L., das obras de urbanización do edificio de vivendas, local sen uso específico, garaxes e trasteiro sito na rúa Estanque núm. 22, O Temple, pola non execución das obras mencionadas, todo isto co fin que poder levar a cabo as citadas obras de urbanización o propio concello.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada estivo revisando as obras do POS que están en execución, e di que agarda que a finais do mes de setembro estean finalizadas. Esta semana comezará a obra de Penouviña que forma parte do POS complementario do 2012.

Tamén informa que se instalou un váter químico no parque Ramón Barba que pediron os veciños e algún grupo da oposición.

En canto ao tema da roza e desherbado dos camiños, quedou mañá co encargado da empresa porque aínda non terminaron.

No que se refire á brigada de incendios que teñen contratada, expón que está traballando totalmente dedicada á prevención de incendios.

O tema dos extintores xa está resolto ata que se faga a nova contratación o vindeiro ano.

Tamén informa que Adif solicitou autorización para facer a senda en Cela. O prepararán esta semana.

Conclúe informando que no local social da Rocha, os azulexos das duchas que hai na planta baixa saltan todos e cae o recebo. Mandou facelo todo, e na parte de arriba, igual, ademais de facer un servizo adaptado para minusválidos.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que hoxe comeza na Casa da Cultura a “Escola de nais e pais” para o grupo de infantil. Trátase o tema da adaptación á vida escolar, e xa hai máis de 15 persoas inscritas.

Tamén informa que a semana pasada o alcalde e ela tiveron unha reunión coa Fundación La Caixa para colaborar con Cambre na realización dunha serie de programas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Mª Luisa de la Red Ampudia